



RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA O INCREMENTO DO IMPORTE DA COMPENSACIÓN ECONÓMICA QUE PODERÁ PERCIBIR O ORGANISMO ACREDITADO PARA A INTERMEDIACIÓN “ASOCIACIÓN PARA EL CUIDADO DE LA INFANCIA (ACI)” PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE ADOPCIÓN INTERNACIONAL EN CHINA.

Vista a documentación achegada polo organismo acreditado para a intermediación (en adiante O.A.A.I.) Asociación para el Cuidado de la Infancia (ACI) en concepto de proposta de gastos para a tramitación de adopcións internacionais en China, e tendo en conta os seguintes

FEITOS

1.- A Asociación ACI, entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia, está habilitada pola Comunidade Autónoma de Galicia para a intermediación na adopción internacional en China.

2.- Con data de 6 de abril de 2018 ACI presenta unha proposta de revisión dos custos asociados á tramitación dos expedientes de adopción internacional en China.

Na documentación achegada, o O.A.A.I. ACI xustifica o incremento do importe da intermediación internacional, baseándose no incremento dos gastos indirectos así como o incremento dos gastos directos no país de orixe do/a menor.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- De conformidade co previsto no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar; entre elas, a habilitación, o control, a inspección e a elaboración das directrices de actuación das entidades colaboradoras de adopción internacional no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- En virtude do disposto no artigo 105 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia





é obriga das entidades colaboradoras habilitadas comunicarlle ao órgano competente da Comunidade Autónoma calquera modificación dos datos relevantes achegados coa solicitude de habilitación ou proxecto de actuación, co fin de que, se é o caso, esta lle outorgue a oportuna autorización á modificación de que se trate.

3.- O artigo 113 do citado corpo normativo manifesta que as entidades colaboradoras poderán percibir das persoas que se ofrecen para a adopción, para facer fronte ós gastos derivados da xestión específica de tramitar a adopción internacional, unha compensación económica polos conceptos que se especifican neste.

4.- Segundo o disposto no artigo 114, a entidade porá en coñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica as sucesivas actualizacións dos custos de tramitación.

5.- Vista a documentación achegada polo O.A.A.I. ACI para a tramitación de expedientes de adopción internacional en China, considéranse xustificados os importes dos custos propostos.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Autorizar a compensación económica que poderá percibir ACI das persoas que se ofrecen para adopción internacional pola intermediación en China, que ascenderá á seguinte contía por expediente tramitado coa distribución por concepto de gasto que a continuación se expón:

CHINA

GASTOS INDIRECTOS: 6.325 €

En España: 5.825 €

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 3.500 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 742 €
3. Gastos de oficina, subministración e outros: 300 €





4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 1.283 €

b) Formación e adaptación: 0,00 €

No país de orixe da ou do menor: 500 €

1. Gastos de representante e outro persoal do O.A.A.I. no país de orixe da ou do menor: 152 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina do O.A.A.I: 120 €
3. Gastos oficina, subministración e outros da oficina do O.A.A.I: 228 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 0,00 €
5. Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0,00 €

GASTOS DIRECTOS: 9.445 €

En España: 1.925 €

1. Xestión de documentos: 0,00 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 600 €
3. Gastos de tradución: 150 €
4. Gastos de mensaxería e correos: 200 €
5. Taxas: 0,00 €
6. Seguímentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 975 €

No país de orixe da ou do menor: 7.520 €

1. Xestión de documentos: 0,00 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 0,00 €
3. Gastos de legalización e autenticación: 0,00 €
4. Gastos de tradución: 320 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 0,00 €
6. Gastos de mensaxería e correos: 0,00 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción: 1.000 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor ⁽¹⁾: 1.050 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 0,00 €
10. Desprazamentos das persoas que se ofrecen para a adopción no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 0,00 €





11. Axuda e manutención do menor dende o momento que determine a lexislación do país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas que se ofrecen para a adopción ⁽¹⁾: 5.000 €

12. Gastos de vixilancia do expediente: 150 €

TOTAL EXPEDIENTE: 15.770 €

Informes de seguimento posteriores aos dous primeiros anos:

Por cada informe: 325 €

- Entrevista e elaboración: 125 €
- Revisión: 50 €
- Tradución e envío: 150 €

Os seguimentos postadoptivos correspondentes ao terceiro e sucesivos anos ata completar o establecido polo país aboaranse no momento da realización do informe no caso de que os/as adoptantes decidan realízalos a través da O.A.A.I., quedando a disposición das familias a posibilidade da elaboración deste pero non a tradución, revisión e envío.

Existirá un coste adicional que ascendera a 900 € no caso de que o expediente se tramite nun programa de asignación individual.

Na actualidade o CCCWA realiza un cargo semestral por cada un dos expedientes asignados que ascende a 120 \$, os cales se aboan mediante transferencia internacional directamente ao CCCWA.

⁽¹⁾ Estes importes serán aboados directamente pola familia adoptante no país de orixe da ou do menor.

Esta resolución terá efectos dende o día da súa sinatura

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

(Asinado dixitalmente)

